

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado portavoz do Grupo Socialista na Deputación Provincial de Ourense, acolléndose ó previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (RD 2568/1986) e do artigo 4.c do Regulamento Orgánico da Deputación (BOP 106 de 10 maio 2012), en relación coa MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O PAPEL DAS DEPUTACIÓNS, formula a seguinte **EMENDA**:

SUBSTITUIR A PROPOSTA DE ACORDO POLO TEXTO DA DECLARACIÓN DA FEMP DE DATA 14 de Marzo de 2016:


1.-Recordar que o XI Pleno da FEMP acordou, por ampla maioría, instar á derogación inmediata de la Lei 27/2013, de 30 de Decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

2.- Instar á aprobación dunha nova Lei de Bases de Réxime Local así como á reforma do financiamento local de forma que se reforce a autonomía local, garantíndose un sistema de financiamento estable e proporcional que responda a competencias ben definidas, eliminando duplicidades e que garanta, en todo caso, a prestación dos servizos públicos de calidade de tódolos cidadáns, residan onde residan.

3.- Instar á aprobación dun réxime local propio para los pequenos municipios e as entidades locais menores, que garanta a súa supervivencia mediante esixencias administrativas, de procedemento e fiscalización proporcionadas ós seus orzamentos e competencias, co espírito de manter o autogoberno local, a xestión comprometida do patrimonio común, a prestación de servizos e a referencia institucional de identidade, elementos clave para manter o valor do territorio e fixar a súa poboación.

4.- Impulsar unha administración intermedia, as deputacións provinciais, máis moderna, que se adapte ás necesidades da nosa sociedade actual, redefinindo o papel e estrutura das deputacións provinciais de réxime común, para prestar servizos con maior eficacia e garantía de calidade ós concellos de menos de 20.000 habitantes. Desenvolverán as súas competencias prestadoras de servizos con maior eficiencia e sempre con criterios de máxima transparencia, racionalidade e democracia participativa. Pretendemos con elo, garantir á cidadanía o acceso ós servizos públicos de calidade, independentemente do seu lugar de residencia.

Asdo.: Ignacio Gómez Pérez



-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE